

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

OPCIÓN 1

O problema de razón e fe.

Polo tanto esta vantaxe sobre os animais debemos cultivala con esmero grandísimo, reesculpila en certo modo e reformala en nós. Pero ¿quen poderá facelo senón o artífice que a formou? Nós puidemos deformar en nós a imaxe de Deus, reformala non podemos. Resumindo o dito en breves palabras, temos existencia como as árbores e as pedras, vida como as árbores, sensación como os animais e entendemento como os anxos. Cos ollos discernimos as cores, cos oídos os sons, co olfacto os olores, co gusto os sabores, co tacto as calores, coa intelixencia as accións (*mores*). Todos os homes queren entender; ninguén hai que non o queira, mais non todos queren crer. Díseme: “Entenda eu e crerei”. Eu respóndolle: “Cre e entenderás”. Tendo, pois, xurdido entre nós unha como controversia por dicir un: “Entenda eu e crerei” e responder eu: “Máis ben cre e comprenderás”, levemos o preito ao xuíz e ningún dos dous presuma fallar en causa propia. ¿A que xuíz iremos? Examinando un a un a todos os homes non vexo que poidamos achar outro superior ao home por quen Deus fala. Non vaíamos, pois, nesta controversia e asunto aos autores profanos; sexa o noso xuíz non un poeta, senón un profeta.

AGUSTÍN DE HIPONA; *Sermo 43*, 4.

O problema de razón e fe.

De que a verdade da fe cristiá non se contradí pola verdade da razón: Aínda que a citada verdade da fe cristiá exceda a capacidade da razón humana, non por iso as verdades racionais son contrarias ás verdades de fe.

O naturalmente innato da razón é tan verdadeiro, que non hai posibilidade de pensar na súa falsidade. E menos aínda é lícito crer falso o que posuímos pola fe, xa que foi confirmado tan evidentemente por Deus. Logo como só o falso é contrario ao verdadeiro, como claramente proban as súas mesmas definicións, non hai posibilidade de que os principios racionais sexan contrarios ás verdades da fe.

O que o mestre infunde na alma do discípulo é a ciencia do doutor, a non ser que ensine con engano, o que non é lícito afirmar de Deus. O coñecemento natural dos primeiros principios foi infundido por Deus en nós, xa que El é o autor da nosa natureza. A Sabedoría divina contén, polo tanto, estes primeiros principios. Logo todo o que estea contra eles está tamén contra a sabedoría divina. Isto non é posible de Deus. En consecuencia, as verdades que posuímos por revelación divina non poden ser contrarias ao coñecemento natural.

TOMÁS DE AQUINO; *Suma contra os xentís*, lib.I cap.7, 1-3.

A teoría do coñecemento: o problema dos universais e o nominalismo.

4. O universal como acto do entendemento: “E, polo tanto, hai que conceder simplemente que ningún universal é substancia, de calquera xeito que sexa considerado, senón que calquera universal é unha intención da alma que, segundo unha opinión probable, non se distingue do acto de entender. Por onde din que a intención, por medio da cal entendo os homes, é un signo natural significando ao home, e de tal xeito natural como o xemido é signo de enfermidade ou dor, e é un signo que pode estar posto, en vez dos homes, nas proposicións mentais, como a voz pode estar posta en vez das cousas, nas proposicións vocais. Que, en verdade, o universal sexa unha intención da alma, exprésao abondo Avicena en *Met.5*, onde di: digo, pois, que o universal se di de tres maneiras; pois dise universal o que se predica de moitos en acto, como home; pero dise universal á intención, a cal nada impide opinar que se predique de moitos. Polo que é evidente que o universal é unha intención da alma, naturalmente apta para ser predicada de moitas cousas.”

G. de OCKHAM, *Suma da lóxica*, cap. 15

A ética e a política: a razón de Estado.

Dos motivos polos cales os homes e especialmente os príncipes son gabados ou censurados. Queda agora por analizar cómo debe comportarse un príncipe no trato con súbditos e amigos.... Porque moitos

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

imaxinaron como existentes de veras a repúblicas e principados que nunca foron vistos nin coñecidos; porque hai tanta diferenza entre cómo se vive e cómo se debería vivir, que aquel que deixa o que se fai polo que debería facerse marcha á súa ruína en vez de beneficiarse, pois un home que en todas partes queira facer profesión de bo é inevitable que se perda entre tantos que non o son. Polo cal é necesario que todo príncipe que se queira manter aprenda a non ser bo, e a practicalo ou non de acordo coa necesidade.

Deixando, pois, a un lado as fantasías, e preocupándonos só das cousas reais, digo que todos os homes, cando se fala deles, e en particular os príncipes, por ocupar posicións máis elevadas, son xulgados por algunhas destas calidades que lles valen ou censura ou eloxio...

Sei que non habería ninguén que non opinase que sería cousa moi loable que, de entre todas as calidades nomeadas, un príncipe posuíse as que son consideradas boas; pero como non é posible posuílas todas, nin observalas sempre, porque a natureza humana non o consente, élle preciso ser tan cordo que saiba evitar a vergoña daquelas que lle significarían a perda do Estado, e, se pode, aínda das que non llo farían perder; pero se non pode non debe preocuparse gran cousa, e moito menos de incorrer na infamia de vicios sen os cales dificilmente podería salvar o Estado, porque se consideramos isto con frialdade, acharemos que, ás veces, o que parece virtude é causa de ruína, e o que parece vicio só acaba por traer o benestar e a seguridade.

N. MAQUIAVELO; *O Príncipe*, Cap. XV: De aquelas cousas polas cales os homes e especialmente os príncipes, son gabados ou censurados.

“O novum Organum”: a teoría dos ídolos e o novo método indutivo.

XIX. Hai e pode haber só dúas vías para a busca e o descubrimento da verdade. Unha delas voa [precipítase] dende os sentidos e as cousas particulares ata os máis xerais axiomas, e dende estes principios, as verdades dos cales toma e establece como inamovible, procede ao xuízo e ao descubrimento dos axiomas intermedios. E esta vía é agora a usual. A outra deriva os axiomas dende os sentidos e as cousas particulares, elevándose nun gradual e ininterrompido ascenso, para en último lugar alcanzar os máximos axiomas; a cal é a vía verdadeira, mais que ata agora non foi emprendida.

XXXVIII. Os ídolos e nocións falsas que agora ocupan o entendemento humano e nel arraigan profundamente, incitan as mentes dos homes non só de modo que a verdade só a duras penas pode achar entrada, senón que, mesmo despois de conseguida a entrada, se atoparan de novo na mesma instauración das ciencias e molestarannos, a menos que, advertidos do perigo, se fortifiquen tanto como poidan contra os seus asaltos.

XXXIX Hai catro clases de ídolos que aguilloan a mente do home. Co fin de distinguilas asigneilles nome, chamando á primeira clase ídolos da tribo; á segunda, ídolos da caverna; á terceira, ídolos do mercado; á cuarta, ídolos do teatro.

F.BACON; *Novum Organum* ou *Indicaciones relativas á interpretación da natureza* (1620)

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo Filosófico)

OPCIÓN 2

Existencia de Deus e veracidade divina.

Logo do cal, reflexionando sobre o feito de que dubidaba e que, en consecuencia, mi ser non era totalmente perfecto, pois vía que había unha máis grande perfección en coñecer que en dubidar, ocorréuseme buscar de onde aprendera eu a pensar en algo que fose máis perfecto ca min; e souben evidentemente que iso debería ser dunha natureza que fose, en efecto, máis perfecta. Polo que atinxe a pensamentos que tiña dunha variedade doutras cousas fóra de min, como do ceo, da terra, da luz, da calor e de mil outras, non estaba en modo ningún tan inqueda por saber de ónde viñan, a causa de que, non observando nelas nada que me parece que as fíxese superiores a min, podía crer que, se eran verdadeiras, eran dependentes da miña natureza, en tanto que esta posuía algunha perfección; e se non o eran, que eu as tiña por nada, é dicir, que estaban en min porque en mi había defecto. Pero non podía ser así coa idea dun ser máis perfecto que o meu, pois, tela da nada era algo manifestamente imposible; e porque non suscita menos repugnancia que o máis perfecto sexa secuela e dependencia do menos perfecto, da que suscita que de nada proceda algo, non a podía ter de min mesmo. De modo que restaba que fose posta en min por unha natureza que fose verdadeiramente máis perfecta do que eu era e, mesmo, que tivese en si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicarme nunha palabra, que fose Deus.

R.DESCARTE; *Discurso do Método, Parte.IV.*

1. - O monismo substancial: Deus ou a natureza.

Prop.XI *Deus, ou sexa, unha substancia que consta de infinitos atributos, cada un dos cales expresa unha esencia eterna e infinita, existe necesariamente.*

Prop.XIV. *Non pode darse nin se concibir substancia ningunha, agás Deus. Corolario I:* De aquí séguese moi claramente: primeiro que Deus é único, isto é... que na natureza non hai senón unha soa substancia, e que esta é absolutamente infinita, como xa indicamos...

Prop.XVII. *Deus obra en virtude das soas leis da natureza e non forzado por ninguén... Corolario II:* Séguese... que só Deus é causa libre... só Deus existe en virtude da soa necesidade da súa natureza e obra en virtude da soa necesidade da súa natureza. Polo tanto... só el é causa libre.

Prop.XXIX. *Na natureza non hai nada continxente, senón que, en virtude da necesidade da natureza divina, todo está determinado a existir e obrar de certo xeito... Escolio:* Antes de seguir adiante, quero explicar aquí -ou máis ben advertir- qué debe entenderse por *Natureza naturante* e qué por *Natureza naturada*. Pois creo que xa consta, polo anteriormente dito que por *Natureza naturante* debemos entender o que é en si e se concibe por si, ou sexa, os atributos da substancia que expresan unha necesidade eterna e infinita, isto é..., Deus, en canto considerado como causa libre. Por *Natureza naturada*, en cambio, entendo todo aquilo que se segue da necesidade da natureza de Deus, ou sexa, de cada un dos atributos de Deus, isto é, todos os modos dos atributos de Deus, en canto considerados como cousas que son en Deus, e que sen Deus non poden ser nin concibirse.

B. SPINOZA; *ETICA. Demostrada segundo a orde xeométrica. Parte I. De Deus.*

O liberalismo político.

90. E é por iso evidente que a monarquía absoluta, que algúns teñen por único goberno no mundo, é en realidade incompatible coa sociedade civil, e así non pode ser forma de goberno civil ningún. Porque sendo o fin da sociedade civil evitar e remediar os inconvenientes do estado de natureza (que necesariamente se seguen de que cada home sexa xuíz no seu propio caso), mediante o establecemento dunha autoridade coñecida, a quen calquera da devandita sociedade poida apelar a propósito de todo agravio recibido ou litixio que poida xurdir, e á que todos en tal sociedade deban obedecer. Alí onde haxa persoas que non dispoñen dunha tal autoridade a que apelar, e capaz de decidir as diferenzas que entre eles se produciren, acharanse aínda no estado de natureza. E nel átopase todo príncipe absoluto con relación a quen se encontraren baixo o seu dominio.

J.LOCKE; *DOUS TRATADOS SOBRE O GOBERNO LIBRO II: Cap. 7 Da sociedade política ou civil.*

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

A negación da metafísica: Crítica da idea de substancia (cousas, eu, Deus).

Preguntaría gustoso aos filósofos que fundan moitos dos seus razoamentos sobre a distinción de substancia e accidente e imaxinan que temos ideas claras diso, se a idea de substancia se deriva das impresións de sensación ou reflexión. Se nos é procurada polos nosos sentidos, pregunto por cál deles e de qué xeito. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo padal, un sabor, e así sucesivamente sucederá cos outros sentidos. Creo, non obstante, que ninguén afirmará que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia debe, por consecuencia, derivarse dunha impresión de reflexión se realmente existe. Pero as nosas impresións de reflexión redúcense ás nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Non temos, por conseguinte, unha idea da substancia distinta dunha colección de calidades particulares, e non nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos acerca dela.

A idea dunha substancia, o mesmo que a dun modo, non é máis que unha colección de ideas simples que están unidas pola imaxinación e posúen un nome particular asignado a elas, polo que somos capaces de recordar para nós mesmos ou os outros esta colección.

D. HUME; *Tratado da natureza humana*; L. I; P.1ª Das ideas...; Sec.VI Dos modos e substancias.

2. - O contrato social.

As cláusulas deste contrato están determinadas pola natureza do acto de tal sorte que a menor modificación as faría vas e de ningún efecto,...

Todas estas cláusulas ben entendidas redúcense a unha soa, a saber: a alienación total de cada asociado con todos os seus dereitos a favor de toda a comunidade: pois en primeiro lugar, dándose cada un todo enteiro, a condición é igual para todos; e sendo a condición igual para todos, ninguén ten interese en facela onerosa aos demais.

Ademais disto, facendo cadaquén a alienación sen reservarse nada; a unión é tan perfecta como pode selo, sen que ningún socio poida reclamar; pois se quedasen algúns dereitos aos particulares, como non existiría un superior común que puidese fallar entre eles e o público, sendo cada un o seu propio xuíz nalgún punto, ben pronto pretendería selo en todos; subsistiría o estado de natureza, e a asociación chegaría a ser precisamente tiránica ou inútil.

En fin, dándose cadaquén a todos, non se dá a ninguén; e como non hai un asociado sobre quen non se adquira o mesmo dereito que un lle cede sobre si, gáñase o equivalente de todo o que un perde, e máis forza para conservar o que se ten.

Se apartamos pois do pacto social o que non é da súa esencia, acharemos que se reduce aos termos seguintes: «Cada un de nós pon en común a súa persoa e todo o seu poder baixo a suprema dirección da vontade xeral; recibindo tamén a cada membro como parte indivisible do todo».

J.-J.ROUSSEAU; *O Contrato social ou Principios do dereito político*, Cap.1.6. Do pacto social

O criticismo kantiano como síntese superadora do racionalismo e do empirismo. Chamaremos *sensibilidade á receptividade* do noso espírito para recibir representacións, en canto este é afectado dalgún xeito; chamaremos en cambio *entendemento* á facultade de producir nós mesmos representacións, ou á *espontaneidade* do coñecemento. A nosa natureza leva consigo que a *intuición* non poida ser nunca máis que *sensible*, é dicir, que encerre só o modo como somos afectados por obxectos. En cambio é o *entendemento* a facultade de *pensar* o obxecto da intuición sensible. Ningunha destas propiedades debe preferirse á outra. Sen *sensibilidade*, non nos sería dado obxecto ningún; e sen *entendemento*, ningún sería pensado. Pensamentos sen contido son vans, intuicións sen conceptos son cegas. Por iso é tan necesario facerse sensibles os conceptos (é dicir, engadirilles o obxecto na intuición), como facerse comprensibles as intuicións (é dicir, traelas baixo conceptos). Ambas as facultades ou capacidades non poden tampouco trocar as súas funcións. O *entendemento* non pode intuír nada, e os sentidos non poden pensar nada. Só da súa unión pode orixinarse coñecemento. Non por iso, non obstante, é lícito confundir a achega de cada un, senón que hai fortes motivos para separar e distinguir coidadosamente uns e outros. Por iso distinguimos a ciencia das regras da *sensibilidade* en xeral, é dicir, a *estética*, da ciencia das regras do *entendemento* en xeral, é dicir, a *lóxica*.

I. KANT; *Crítica da razón pura*, (A51-52/B75-76)

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

OPCIÓN 1

A ética: a virtude e a felicidade.

Como existen dúas clases de virtude, a dianoética e a ética, a dianoética ten a súa orixe e o seu incremento sobre todo no ensino, e por iso precisa experiencia e tempo; pola contra, a ética provén do costume, polo que incluso o seu nome se forma, cunha pequena modificación, a partir da palabra “costume”. * Disto resulta evidente tamén que ningunha das virtudes éticas se produce en nós por natureza, pois ningunha das cousas que son por natureza se produce por costume; por exemplo, a pedra, que por natureza se dirixe cara abaixo, non poderíamos afacela a moverse cara arriba, aínda que se tentara acostumala lanzándoa cara arriba mil veces; nin ao lume a moverse cara abaixo, nin ningunha outra de certa natureza podería acostumarse a ter outra distinta. Polo tanto, nin por natureza nin contra da natureza se producen as virtudes, senón por ter nós disposición natural para recibilas e perfeccionalas por medio do costume.

* ‘Ética’ derivase de *éthos*–carácter–, que Aristóteles supón modificación de *éthos*–hábito, costume–.

ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, II, 1103 a

OPCIÓN 2

Teoría da substancia: substancia pensante e extensa.

51. *Qué é a substancia; e que é un nome que non se pode atribuír a Deus e ás criaturas no mesmo senso.*

Polo que atinxe ás cousas que consideramos como tendo algunha existencia, é preciso que examinemos aquí unha despois da outra, a fin de distinguir o que é escuro do que é evidente na noción que de cada unha temos. Cando concibimos a substancia, concibimos só unha cousa que existe de tal xeito que non ten necesidade máis que de si mesma para existir. O que de escuro poida haber tocante á explicación desta palabra é que non ten necesidade máis que de si-mesma; pois, falando con propiedade, así non hai máis que Deus, e non hai cousa ningunha creada que poida existir un só intre sen ser sostida e conservada pola súa potencia. É por iso que levan razón na Escola cando din que o nome de substancia non é unívoco verbo de Deus e das criaturas, é dicir, que non hai ningunha significación desta palabra que nós concibamos distintamente, a cal conveña a El e a elas: mais, porque entre as cousas creadas algunhas son de tal natureza que non poden existir sen outras, nós distinguímolos fronte aquelas que non teñen máis necesidade que do concurso ordinario de Deus, chamando a estas substancias e a aquelas dualidades ou atributos destas substancias.

R. DESCARTES; *Os principios da filosofía*, I.51.

O monismo substancial: Deus ou a natureza.

Def.III. Por substancia entendo aquilo que é en si e se concibe por si, isto é, aquilo cuxo concepto, para formarse, no precisa do concepto doutra cousa.

Def.IV. Por atributo entendo aquilo que o entendemento percibe dunha substancia como constitutivo da esencia mesma.

Def.V. Por modo entendo as afeccións dunha substancia, ou sexa, aquilo que é noutra cousa, por medio da cal tamén é concibido.

Def.VI. Por Deus entendo un ser absolutamente infinito, isto é, unha substancia que consta de infinitos atributos, cada un dos cales expresa unha esencia eterna e infinita.

Prop.XI *Deus, o sexa, unha substancia que consta de infinitos atributos, cada un dos cales expresa unha esencia eterna e infinita, existe necesariamente.*

Prop.XIV. *Non pode darse nin concibirse substancia ningunha, agás Deus*

Prop.XVII. *Deus obra en virtude das soas leis da natureza e non forzado por ningún.*

Prop.XXIX. *Na natureza non hai nada continxente, senón que, en virtude da necesidade da natureza divina, todo está determinado a existir e obrar de certa maneira.*

B. SPINOZA; *Ética. Demostrada consonte a orde xeométrica*. Parte I. De Deus.

O liberalismo político.

89. En consecuencia, calquera que sexa o número de homes que se unan nunha sociedade renunciando cada un ó seu poder de executar a lei natural e renunciando a el a prol da comunidade, entón e só entón hai unha sociedade civil ou política. E isto dáse sempre que un certo número de homes, no estado de natureza, entran en sociedade para formar un pobo, un corpo político, baixo un goberno supremo; ou cando alguén se une por si mesmo e se incorpora a un goberno xa establecido. Pois dese xeito autoriza á sociedade, ou o que é o mesmo, ó seu legislativo, a facer as leis no seu nome tal como o ben público da sociedade requira, e para executalas sempre que se reclame a súa propia asistencia (como se fosen as súas propias decisións). E isto saca ós homes do estado de natureza e ponos no de república, constituíndo un xuíz terreal con autoridade para decidir en todos os litixios e reparar as ofensas que poidan afectar a calquera membro da república. Ese xuíz é o poder legislativo ou sono os maxistrados nomeados por el. E onde queira que haxa un número de homes asociados, mais carecendo dun poder semellante ó que apelar, eses homes están aínda no estado de natureza.

J. LOCKE; Dous Tratados sobre o Goberno. II: Un ensaio sobre a verdadeira orixe, alcance e fin do goberno civil. Cap. 7 Da sociedade política ou civil.

O emotivismo moral.

Nada é máis usual en filosofía, e mesmo na vida común, que falar do combate entre paixón e razón, e darlle preferencia á razón e afirmar que os homes só son virtuosos mentres se conforman ós seus ditados. Toda criatura racional, dise, está obrigada a regular as súas accións por razón; e se algún outro motivo ou principio cuestiona a dirección da súa conduta debe opoñerse a el ata que se teña sometido enteiramente a ela ou polo menos acate o principio superior. Sobre este método de pensamento semella estar fundada a meirande parte da filosofía moral, antiga e moderna; non hai tampouco un máis estendido lugar común, tanto nos argumentos metafísicos coma nas arengas populares, como a suposta preeminencia da razón sobre a paixón. A eternidade, invariabilidade e orixe divina da primeira foron presentadas como a mellor vantaxe. Sobre a cegueira, inconstancia e falsidade da última tense insistido con vehemencia. Para amosar a falacia de toda esa filosofía intentarei probar en primeiro lugar que a soa razón non pode nunca ser a causa dunha acción da vontade e, en segundo lugar, que xamais pode opoñerse á paixón na dirección da vontade.

D. HUME; *Tratado da natureza humana*; L. II Das paixóns; Parte III Da vontade e as paixóns directas, Sec. III Dos motivos que inflúen na vontade.

O contrato social.

Supoño ós homes chegados a ese punto no que os obstáculos que prexudican a súa conservación no estado de natureza superan, pola súa resistencia, as forzas que cada individuo pode empregar para manterse neste estado. Daquela, este estado primitivo non pode xa subsistir e o xénero humano perecería se non mudara de maneira de ser.

Agora ben, como os homes non poden xerar novas forzas, senón só xuntar e dirixir as que existen, non teñen outro medio para conservarse que o de formar por agregación unha suma de forzas que poida sobrepoñerse á resistencia, poñelas en xogo por un único móbil e fácelas actuar concertadamente.

Esta suma de forzas non pode nacer máis ca do concurso de moitos, mais como queira que a forza e a liberdade de cada home son os instrumentos da súa conservación ¿como as comprometerá sen prexudicarse e sen desatender os coidados que se debe a si mesmo? Esta dificultade referida ó meu asunto pode ser enunciada nestes termos: «Atopar unha forma de asociación que defenda e protexa con toda a forza común a persoa e os bens de cada asociado, e pola cal cada un, uníndose a todos, non obedeza, porén, máis ca el mesmo, ficando tan libre como o era antes» Velaquí o problema fundamental ao que o contrato social dá solución.

J.-J. ROUSSEAU; *O Contrato social ou Principios do dereito político*, Cap. 1.6. Do pacto social.

Kant e a Ilustración.

Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da que el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección de outro. El mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na falla de entendemento, senón na falla de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro. ¡*Sapere aude!* ¡Ten valor de servirte do teu propio entendemento!, velaquí a divisa da ilustración.

Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes, moito despois de que a natureza os absolvera da dirección allea (*naturaliter maiores*), emporiso fiquen a gusto menores de idade a vida enteira; e por iso lles resulta tan doado ós outros erguerse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade!

I. KANT; «Resposta á pregunta: ¿Que é ilustración?»
